

NORMATIVA DE POSTOS DE ALIMENTACIÓN

MERCADO ALAMEDA E CASCO HISTÓRICO

FESTA DA ISTORIA **2022**

Máis información:

Asociación Coordinadora Festa da Istoria
Rúa Escobetes, 10
32400 Ribadavia (Ourense)

Personas de contacto:

correo: mercado@festadaistoria.com

José Manuel. Tel ([whatsapp](https://www.whatsapp.com)): 670 042 491

Importante:

Se desexa realizar algunha consulta persoalmente, recomendamoslle que contacte previamente nalgún dos teléfonos indicados para concertar unha cita con algún/ha voluntario/a responsable da actividade.

1.-DATAS SINALADAS PARA POSTOS DE ALIMENTACIÓN

XUÑO

L	M	MI	X	V	SA	DO
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

Apertura prazo de inscrición 6 de xuño

AGOSTO

L	M	MI	X	V	SA	DO
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

15	Peche prazo de inscrición
26	Inicio mercado Alameda. Indicación lugar de colocación.
27	<u>Sábado 27:</u> De 08:00- a 10:00 : Pago do posto e recollida de Maravedis no Concello Inicio de actividade ás 10:30H. Casco Histórico/ Alameda 23:00-23:45: Peche da actividade e recollida 22:30 - 2:00 H: Troco de Maravedís a Euros no concello
28	18:00-20:30H: Cambio de Maravedís a euros no Concello

2.-FIANZAS E PREZOS PARA POSTOS

MERCADO ALAMEDA

Tipo de posto	Fianza	Prezo
POSTO DE ALIMENTACIÓN	300,00 €	<u>Consultar</u>
POSTO DE ALIMENTACIÓN ENVASADA OU EN PORCIÓNS (QUEIXOS, EMBUTIDOS, ETC.)	300,00 €	50€ METRO LINEAL

CASCO HISTÓRICO

Tipo de posto	Fianza	Prezo	Dimensións máximas
Adegas de venda e posto fixo	250 €	150 €	Segundo localización. Máx 4,5 m2
Posto de 3x1,5m	250 €	150 €	Máximo 4,5 m2. (3x1,5m)
Posto de dimensións especiais	500 €	350 €	Máx 9 m2. Resto consultar
Posto itinerante	120 €	100 €	Posto itinerante
Polbeira	450 €	350 €	O asignado pola organización
Area de comidas	500 €	400 €	O asignado pola organización
Postos de hostalaría	500 €	250 €	Non excederá a súa propiedade

3.-FORMAS DE PAGO E DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

Concepto	Prazo	Forma de pago
Pago da fianza.	No momento da solicitude	Abanca ES42 2080 5173 4930 4000 2862
Pago do prezo do posto	O día da Festa até as 10:00 h.	Contado
Devolución da Fianza	Se procede, no troco de maravedís	Contado

4.- DOCUMENTACION OBRIGATORIA PARA PODER OPTAR A POSTO

- COPIA DNI, CIF, PERMISO DE RESIDENCIA, PASAPORTE, ETC...
- COPIA DA ALTA EN AUTÓNOMOS, COOPERATIVA OU SIMILAR
- ALTA NO IAE (ALTA CENSAL MÓDELO 036)
- COPIA DO CARNÉ DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS DAS PERSONAS AO FRENTE DO POSTO, CERTIFICADOS DE CURSOS REALIZADOS OU SIMILAR.

5.-NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

As normas que se detallan a continuación son de obrigado cumprimento para as persoas que opten a un posto de alimentación na Festa da Istoria, non respectalas leva consigo, nunha primeira instancia, á perda integral da fianza e a varias penalizacións de 50 € en caso de persistir en dito incumprimento, podendo chegar ao peche definitivo do posto.

• CASCO HISTÓRICO

- Os postos que desexen instalarse o venres 26 de Agosto no Casco Histórico, deberán facelo entre las 14:00 h e as 18:00, **baixo ningún concepto poderase exceder ese horario** e en caso de necesidade finalizarase a instalación o día seguinte no horario establecido.
- Os postos que se instalen o sábado 27 de agosto, deberán de realizar os traballos de montaxe obrigatoriamente en horario de 06:00 a 09:30 horas do mesmo día.

- **O día 27 de Agosto cobrarase exclusivamente en Maravedís.**

- Os postos teñen que permanecer abertos, o día 27 de Agosto, de 10:30 Horas a 22:30 Horas.

• ALAMEDA

- Os postos deberán instalarse o xoves 25 de Agosto, a partires das 16 horas ou o venres 26 entre as **06:00 h e as 11:00 h.**
- Horario de apertura: venres 26 as 11:30 horas, sábado 27 as 10:30 horas

- **O día 27 de Agosto cobrarase exclusivamente en Maravedís.**

NORMAS XERAIS 2022

- Ingresar a fianza correspondente antes do día 16 de agosto de 2022 na conta indicada
- Remitir a solicitude debidamente cumprimentada e copia do ingreso da fianza, xa sexa por correo postal, correo electrónico (mercado@festadaistoria.com) ou persoalmente previa chamada telefónica.
- **O sábado 27 cobrarase única e exclusivamente en maravedís**
- Non poderán realizar cambios de euros a maravedís
- O único viño utilizado será o designado pola organización.
- Os prezos dos produtos deberán estar sempre á vista e autorizados pola organización.
- Os postos deberá permanecer abertos obrigatoriamente de 10:30 a 23:00 horas.
- Respectaranse escrupulosamente a medida do posto, sendo o seu incumprimento sancionable con 150 € por metro lineal ou fracción excedida, ou proceder a retirada do mesmo.
- Os postos deberán recubrirse con materiais acordes ao evento e nunca poderán estar á vista elementos modernos, podendo utilizar para iso materiais tales como a madeira (non taboleiros aglomerados ou similares), teas, cortiza en bruto, canizo ...
- En caso de necesitar a instalación de neveiras, ferros, billas ou outros aparellos, do mesmo xeito que se indica anteriormente, deberán estar completamente tapados dunha forma acorde á decoración do posto.
- Os postos de alimentación deberán utilizar elementos producidos en materiais da época (barro que deberá estar vitrificado, madeira, etc...) Non está permitida a utilización de pratos e vasos de plástico. **En caso de necesitar vasos ou cuncas de barro, a organización dispón de existencias de préstamo. (Ata esgotar existencias)**
- Non está permitida a venda de refrescos, podéndose vender, con autorización expresa da organización cervexa en “grifo”, e existindo a posibilidade de que só se autorice a designada como cervexa oficial do evento. (En tal caso, darase a coñecer coa suficiente antelación)
- As bolsas ou embalaxes dos produtos de venda, deberá realizarse en papel.
- En caso de choiva, os participantes deberán estar provistos de materiais apropiados para protexerse da mesma. Se os materiais fosen de plástico, deberán estar totalmente ocultos. Salvo en casos extremos, e no momento en que desapareza o risco de choiva, deberán ser inmediatamente retirados: plásticos e pinzas.

- Todos os participantes deberán ter especial coidado co seu vestiario, o cal deberá estar necesariamente de acordo coa época que se pretende recrear.
- As persoas que manipulan alimentos, ademais dun vestiario adecuado e en perfectas condicións hixiénicas, deberán levar o pelo atado e a cabeza cuberta cun gorro ou complemento similar, sempre de acordo coa época.
- Non estará permitida a presenza de persoas no interior dos postos que non estea ataviada con vestiario de nin o uso dentro do posto de complementos inadecuados como reloxos, auriculares... Para fumar ou utilizar o teléfono móbil deberá saír do posto
- Durante o horario de funcionamento do Mercado, non está permitido o uso de equipos de son, nin instrumentos musicais, como tambores, entre outros, salvo os debidamente autorizados e os que estean programados para determinados horarios, e por suposto, os utilizados polos grupos de animación contratados pola organización do evento.
- O espazo utilizado para a instalación do posto de venda, deberase deixar no mesmo estado de limpeza e conservación no que se atopaba previo á montaxe.
- Non está permitida a venda de artigos ou produtos que non fosen incluídos na solicitude e debidamente reflectidos na tarifa de prezos.
- Non está permitida a colocación visible de produtos de consumo propio, tales como latas de refresco, cervexas, botellas, comida, tabaco, móbiles...
- Todos os participantes son os responsables do coidado e mantemento do espazo que ocupa o seu posto, manténdoo nas condicións de estética e hixiene que un evento destas características require. Non estando permitido acumular lixo no seu posto ou a súa contorna, estando obrigados a trasladala aos colectores e lugares dispostos para tal fin.
- A coordinadora non se fai responsable dos danos ocasionados por calquera fenómeno meteorolóxico, nin dos roubos que poidan producirse durante o mercado. Así mesmo, calquera dano ou dano causado a un mesmo ou a terceiras derivado de descoidos, accidentes, vandalismo, etc. tampouco será responsabilidade da coordinadora.
- Todos os postos deberán permanecer abertos durante o horario de celebración do evento. Os peches inxustificadas, darán lugar ás medidas que a organización considere oportunas.
- A organización non se responsabiliza das modificacións que poidan producirse por causas alleas ou de forza maior.

MONTAXE E RECOLLIDA DOS POSTOS

A montaxe dos postos correrá por conta dos solicitantes e deberán respectar en todo momento as dimensións máximas estipuladas pola organización en cada caso.

Os horarios e lugar asinado para o inicio da montaxe serán facilitados pola organización e dependerán da localización de cada posto.

Os participantes comprométese a colocar o posto no lugar asignado e identificalo correctamente cos carteis facilitados pola organización

O desmorte dos postos realizarase, e nunca antes, a partir das 23:00 horas do sábado 27 de agosto e deberá estar finalizada canto antes e nunca máis tarde da 01:00 da madrugada, deixando o espazo utilizado nas mesmas condicións de orde e limpeza no que se atopaba antes da instalación.

Por razóns de seguridade e/ou organizativas, a Coordinadora Festa da Isteria resérvase o dereito de facer calquera cambio ou modificación na localización e dimensións

PREZOS DOS PRODUTOS

Co obxecto de evitar prezos abusivos que vaian en contra da imaxe do evento, os prezos de venda dos produtos serán autorizados pola organización, que vixiará que sexan acordes aos prezos de mercado.

A totalidade dos produtos á venda terán que reflectirse de forma clara nos carteis que a organización facilitará ao efecto e que serán verificados na sede da Festa da Isteria, quedándose cunha copia dos mesmos co obxecto de comprobar posibles cambios a posteriori.

Non se autorizará a apertura de ningún posto que non dispoña da lista de prezos selada e á vista durante toda a xornada

Os produtos que sexan susceptibles de vender por porcións ou racións deberán estipular na descrición o seu peso aproximado.

OS POSTOS QUE AUTORIZA A FESTA DA ISTORIA SON POSTOS DE ALIMENTACIÓN E NON EXCLUSIVOS DE BEBIDAS, POLO QUE A COMIDA DEBERÁ SER O PRINCIPAL PRODUTO DE VENDA E A BEBIDA SERÁ UN ACOMPAÑAMENTO A ESTA.

A ÚNICA MOEDA OFICIAL NO DÍA DA FESTA DA ISTORIA SERÁ O MARAVEDÍ, O POSTO QUE ACEPTE OUTRA MOEDA PERDERÁ A FIANZA E SERÁ PECHADO POLA ORGANIZACIÓN.

O ÚNICO VIÑO QUE SE PODERÁ VENDER NOS POSTOS DA FESTA DA ISTORIA SERÁ O DESIGNADO POLA ORGANIZACIÓN COMO VIÑO OFICIAL, E BAIXO NINGÚN CONCEPTO PODERASE VENDER OUTRO VIÑO QUE NON SEXA O ANTERIORMENTE CITADO E SEMPRE RESPECTANDO O PREZO MÁXIMO MARCADO POLA ORGANIZACIÓN

NORMATIVA SANITARIA

O TITULAR E AS PERSOAS QUE SE ATOPEN ATENDENDO AO PÚBLICO, DEBERÁN ESTAR EN POSESIÓN DO CARNÉ DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS E CUMPRIR A NORMATIVA SANITARIA

Doces e comidas

Tanto as tortillas, empanadas, etcétera, deberán estar moi feitas, e facelas o mesmo día, xa que o tempo en canto a fabricación e venda é primordial para a conservación dos alimentos. **E OBRIGATORIO USAR OVO LÍQUIDO PASTEURIZADO.**

Os doces deberán facerse a última hora antes da venda, si son doces combinados, por exemplo cañitas, non facer as cremas ata última hora, aínda que o hoxaldre, ou o produto que se use, se faga con anterioridade. **É OBRIGATORIO USAR OVO LÍQUIDO PASTEURIZADO.**

A carne que se use en calquera das comidas, deberá ser mercada en establecementos autorizados, o que garante a súa hixiene.

Recomendase que todos estes produtos se coloquen na parte máis fría do posto, co obxecto de que a calor lles afecte o menos posible.

O posto de venda

A superficie do mostrador ten que estar o máis limpo posible, usando elementos de madeira novos, así como os cepos de corte de madeira, recomendase que sexan novos ou se atopen suficientemente limpos para cortar neles os produtos.

Tódolos postos teñen que ter tellado SÓLIDO, (Tela, madeira ou canizo que imitando o antigo non permitan que entre o sol en calquera espazo de venda) NON SE PODEN MONTAR, BAIXO NINGÚN CONCEPTO, TELLADOS CON ACACIAS, FENTOS, PALLA, OU OUTROS ELEMENTOS VEXETAIS QUE POIDAN CAER SOBRE OS ALIMENTOS.

Limpeza

A auga que se use para limpar pratos, garfos, etc., debera ter 3 gotas de lixivia por litro, evitando desta maneira a súa descomposición e deberá substituírse constantemente.

O lixo que se orixina durante o día, non pode acumularse no posto, votarase na papeleira que cada posto ten que ter obrigatoriamente, e que estará tapada. ESTA PAPELEIRA ESTARÁ LOCALIZADA FORA DO POSTOS

A roupa da xente que atende o posto ten que estar limpa, sendo necesario POÑER UN GORRO MEDIEVAL que evite o problema de caída de pelos na comida. RECOMENDASE QUE A ROUPA SEXA DE COR CLARO.

Todas a normas arriba expostas son de obrigado cumprimento para as persoas que opten a un posto de alimentación na Festa da Istoria, non respectalas leva consigo, nunha primeira instancia, á perda integral da fianza e a varias penalizacións de 50 € en caso de persistir en dito incumprimento, podendo chegar ao peche definitivo do posto.

Atentamente,

Asociación Coordinadora Festa da Istoria